

The background is a vibrant magenta color with a repeating pattern of overlapping, semi-transparent circles in various shades of purple and pink. In the center, the number '150' is prominently displayed in a large, white, sans-serif font. Below the number, the text 'aniversario de CANTARES GALLEGOS' is written in a smaller, white, serif font. At the bottom center, the text 'XUNTA DE GALICIA' is written in a small, white, sans-serif font.

150

aniversario de

CANTARES
GALLEGOS

XUNTA DE GALICIA

150.º 
aniversario de
CANTARES
GALLEGOS

CELEBRACIÓN DO 150.º
ANIVERSARIO DA PUBLICACIÓN
DE *CANTARES GALLEGOS*,
DE ROSALÍA DE CASTRO



ROSALÍA DE CASTRO LOGROU
CREAR UNHA VOZ PROPIA
CAPAZ DE PENETRAR NA
SOCIEDADE, QUE NON
PERDEU INTERESE NIN
IDENTIFICACIÓN AO LONGO
DO TEMPO

150 ANOS

DA PUBLICACIÓN DUNHA OBRA CLAVE

O 17 de maio de 1863 vía a luz o libro de poemas *Cantares Gallegos*, co que Rosalía de Castro arrancaba unha nova etapa de esplendor para a literatura galega e para a recuperación cultural de Galicia.

Rosalía de Castro logrou crear unha voz propia capaz de penetrar na sociedade, que non perdeu interese nin identificación ao longo do tempo. As súas obras, traducidas a multitude de linguas e recoñecidas pola crítica internacional, consolidáronse como *clásicos* da nosa literatura, porque constitúen unha praza pública compartida onde afondar no coñecemento da realidade social e da natureza humana.

A publicación de *Cantares Gallegos* o 17 de maio de 1863 é un importante referente no comezo dun novo tempo para o galego. Este libro de poemas nados da tradición popular elevou o noso idioma á condición de lingua literaria e alentou un camiño de creación e edición de textos en galego.



ACTIVIDADES

PARA DIFUNDIR A OBRA E O COMPROMISO VITAL DA ESCRITORA

Neste 2013 a Xunta de Galicia conmemora o 150.º aniversario da publicación desta obra, cos seguintes obxectivos:

- Reforzar a difusión desta celebración para dala a coñecer entre a cidadanía e favorecer, deste xeito, a participación social nas actividades que se programen co gallo do aniversario da publicación.
- Favorecer a realización de iniciativas arredor de *Cantares Gallegos*, que permitan, non só manter o espírito rosaliano, senón reforzar a consideración de Rosalía de Castro como símbolo de Galicia.
- Impulsar a colaboración e coordinación coas entidades de referencia de Galicia no ámbito cultural que participen na conmemoración desta efeméride.
- Destacar a figura de Rosalía de Castro como valedora da igualdade entre homes e mulleres, así como da súa condición de precursora na reivindicación da dignificación social das mulleres e do seu papel, especialmente no ámbito da cultura.

UNHA CONMEMORACIÓN COLECTIVA

Esta **celebración** de tanta transcendencia para a cultura e a lingua galegas vai estar presente na axenda do Goberno galego en 2013 dun xeito transversal. Ademais dos actos centrais do propio 17 de maio e os do pasado 24 de febreiro (data do nacemento da escritora), os diferentes departamentos e entes públicos de Galicia teñen programadas actuacións propias arredor de Rosalía ao longo dos meses vindeiros.

A Secretaría Xeral de Cultura

participa nunha ampla programación cultural arredor desta efeméride, a través do apoio ás actividades das asociacións e entidades culturais de toda Galicia, entre as que destaca a exposición *No principio foi o verso. O cantar dos Cantares*, organizada pola Fundación Rosalía de Castro, a Real Academia Galega e a Universidade de Vigo.

O Centro Coreográfico Galego

programa o espectáculo de danza *Rosalía* que percorrerá diferentes localidades de Galicia ao longo de 2013.

A Secretaría Xeral de Política

Lingüística e a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional

e **Innovación Educativa** convocan o concurso escolar *Imaxina Cantares!*, no que se premiarán as mellores creacións audiovisuais para a difusión na rede feitas polo alumnado de centros de toda a comunidade. Ademais, a Secretaría Xeral de Política Lingüística coordinará as conmemoracións arredor desta efeméride da Rede de Dinamización Lingüística coas entidades locais, así como as actividades programadas nos centros de estudos galegos das universidades de fóra de Galicia.

UNHA CONMEMORACIÓN


RACIÓ N COLE CTIVA

A **Secretaría Xeral de Igualdade** presenta na Casa de Rosalía o 8 de marzo a campaña polo Día da Muller Traballadora, en homenaxe simbólica á figura da escritora.

O **Centro Galego de Artes da Imaxe (CGAI)**, dependente da Secretaría Xeral de Medios da Xunta de Galicia, organiza o ciclo *Paisaxes do Romanticismo. Arredor de Rosalía de Castro*, para entender a época e o ambiente cultural de Europa do século XIX.


Tamén no plano audiovisual, a **Compañía de Radiotelevisión de Galicia (CRTVG)** ten prevista a produción e emisión de espazos dedicados a *Cantares Gallegos* e á súa autora.

O **Consello da Cultura Galega** promove, coa colaboración da **Xunta de Galicia**, unha cita musical no Gaiás de ampla participación infantil e xuvenil co núcleo poético dos versos de Rosalía.

The background of the page is a photograph of a night sky. The sky is a deep, dark blue. A bright, full moon is visible in the center-right area. The lower half of the image is filled with the dark silhouettes of pine trees, their branches and needles clearly visible against the lighter sky.

Cantart'ei, Galicia,
Teus dulces cantares,
Qu'asi mó pediron
Na veira do mare.
(...)
Qu'asi mó pediron,
Qu'asi mó mandaron,
Que cant'e e que cante
Na lingua qu'eu falo.

Rosalía de Castro. *Cantares Gallegos*,
primeira edición (1863)



PROGRAMA

DE ACTUACIÓNS 2013

Nesta programación recóllense as principais citas e proxectos promovidos pola Xunta de Galicia e entidades implicadas na celebración, coa intención de garantir a máis ampla difusión entre o conxunto da sociedade, así como unha planificación coordinada que permita multiplicar o seu efecto, participación e coñecemento público.

Actuacións de difusión social de *Cantares Gallegos*

Rosalía a través da música e das artes

Rosalía en pantalla

Edicións conmemorativas

Difusión exterior de *Cantares Gallegos*

Acondicionamento da casa familiar de Rosalía en Padrón



1. ACTUACIÓNS DE DIFUSIÓN SOCIAL DE CANTARES GALLEGOS

1.1. Exposición itinerante *No principio foi o verso. O cantar dos Cantares*. Co fin de difundir nas principais cidades galegas a obra poética da autora, a Fundación Rosalía de Castro, a Real Academia Galega e a Universidade de Vigo organizan, co patrocinio da Xunta de Galicia, o Concello de Vigo e a Fundación Barrié, e coa colaboración do Consorcio da Zona Franca de Vigo, unha exposición itinerante sobre esta obra emblemática da literatura galega, sobre a súa autora e a súa época.



A BIBLIOTECA DE GALICIA PROMOVE UNHA MOSTRA BIBLIOGRÁFICA ARREDOR DE *CANTARES GALLEGOS*, DESDE A PRIMEIRA PUBLICACIÓN EN 1863

1.2. Rosalía e *Cantares Gallegos* nas bibliotecas. A Biblioteca de Galicia promove en 2013 unha mostra bibliográfica arredor de *Cantares Gallegos*, cunha selección de edicións desta obra, desde a publicación primeira en 1863 ata os nosos días, partituras de composicións de tema rosaliano, adaptacións infantís, traducións etc.

As bibliotecas nodais situadas nas principais cidades galegas, dependentes tamén da Secretaría Xeral de Cultura, ofrecerán unha programación de actividades e mostras arredor de Rosalía. A Biblioteca Ánxel Casal, en Santiago de Compostela, e a Biblioteca Nodal de Pontevedra abriron en febreiro esta programación con mostras de edicións da obra de Rosalía pertencentes aos seus fondos bibliográficos. En Santiago celebraron tamén a acción conmemorativa *Versos soltos de Rosalía* para espallar os versos da autora polos diversos espazos da biblioteca (ascensores, mesas, ordenadores etc.)

Pola súa banda, a Biblioteca Pública Central de Vigo ofrece a través do seu web guías informativas sobre a vida e a obra de Rosalía (<http://rbgalicia.xunta.es/vigo/index.php?subApartado=76>), así como a acción *Anacos de cantares* que consiste en "dar a degustar" poemas de *Cantares Gallegos* entre os usuarios da biblioteca.

A Biblioteca Nodal de Lugo programa para o mes de maio *Rosalía, flor da palabra viva*, un encontro co escritor Isidro Novo. E na véspera do Día das Letras convida ao concerto poético *Has de cantar*, no que a actriz María Inés Cuadrado e o músico Xocas Meijide ofrecerán un espectáculo sobre a poeta con pezas de Bach para clarinete. Tamén permanecerá aberta durante ese mes unha mostra bibliográfica sobre *Cantares Gallegos*.

1.3. Marcapáxinas conmemorativo para o Día do Libro (23 de abril), promovido pola Secretaría Xeral de Cultura en colaboración coa Federación de Libreiros de Galicia, para difundir no comercio libreiro a figura de Rosalía.

1.4. Actos conmemorativos nos concellos de Galicia adheridos á Rede de Dinamización Lingüística, coa coordinación da Secretaría Xeral de Política Lingüística.



CONCERTOS, NOVIDADES
DISCOGRÁFICAS, DANZA
E TEATRO DIFUNDIRÁN
AO LONGO DE 2013 A OBRA
DE ROSALÍA

2. ROSALÍA A TRAVÉS DA MÚSICA E DAS ARTES

2.1. Concerto das voces máis novas sobre versos de Rosalía, coa participación do alumnado de conservatorios, escolas de música e coros infantís de toda Galicia, organizado polo Consello da Cultura Galega coa colaboración da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

2.2. Discografía rosaliana. Recompilación no web da Secretaría Xeral de Cultura das principais gravacións existentes da música de Rosalía, para reforzar a capacidade de difusión da súa obra en forma de canción.

2.3. Espéctaculo itinerante *Rosalía*, do Centro Coreográfico Galego. Danza para conmemorar o 150.º aniversario de *Cantares Gallegos*.

2.4. Difusión das novidades discográficas deste ano arredor de Rosalía, coa colaboración da Xunta de Galicia. Está previsto que nos vindeiros meses vexan a luz os proxectos *Rosalía* de Narf, música e poemas rosalianos musicados polo cantante galego Narf, e un proxecto arredor de *Cantares Gallegos* do grupo folk aCadacanto.

2.5. *Cantares Gallegos* en *Espazos Sonoros*: concerto sobre versos de Rosalía dentro do ciclo de música *Espazos Sonoros* en lugares destacados do noso patrimonio, da Secretaría Xeral de Cultura.



CONCURSO *IMAXINA*
CANTARES! PARA QUE
OS MÁIS NOVOS POIDAN
GOZAR DA OBRA ROSALIANA
A TRAVÉS DE PRODUCIÓNS
EN SOPORTE AUDIOVISUAL

3. ROSALÍA EN PANTALLA

3.1. Ciclo *Paisaxes do Romanticismo. Arredor de Rosalía de Castro*, organizado polo Centro Galego de Artes da Imaxe (CGAI). Programación de películas ambientadas na época da escritora para comprender a época e o ambiente cultural europeo do século XIX.

3.2. Estrea na TVG dun documental sobre a efeméride de *Cantares Gallegos*, de elaboración propia, no que se incluírán tamén interpretacións musicais. A CRTVG promove, así mesmo, varios especiais sobre esta efeméride na súa programación estable, tanto da Televisión de Galicia como da Radio Galega, que colaborará este ano na gravación dun traballo discográfico do tenor Joaquín Pixán sobre os versos de Rosalía. *Cantares Gallegos* contará, ademais, cunha canle temática propia no web da compañía, que agrupará todo o material audiovisual que se vaia xerando ao longo do ano.


3.3. A Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa convocan o concurso *Imaxina Cantares!* para que os máis novos poidan gozar da obra rosaliana a través de producións en soporte audiovisual. O certame está dirixido a alumnado dos centros educativos de titularidade pública, coordinado por profesorado pertencente aos Equipos de Dinamización da Lingua Galega, en tres categorías: educación infantil e primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato, formación profesional e ensinanzas especiais.

4. EDICIÓNS CONMEMORATIVAS

4.1. Edición facsimilar da primeira edición de *Cantares Gallegos*, promovida polo Parlamento de Galicia, o Consello da Cultura Galega e a Xunta de Galicia.

4.2. Edición ilustrada de *Cantares Gallegos*, por Pepe Barro, editada por El Patito Editorial, coa colaboración da Xunta de Galicia.

4.3. Edición dixital da primeira edición de *Cantares Gallegos* realizada e difundida pola Biblioteca de Galicia.



5. DIFUSIÓN EXTERIOR DE CANTARES GALLEGOS

5.1. Edición en inglés de *Cantares Gallegos*, na colección Galician Classics, promovida pola Xunta de Galicia e Small Station Press.

5.2. Actividades nos lectorados de lingua e cultura galegas de universidades de todo o mundo, coordinadas desde a Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia.



6. ACONDICIONAMENTO DA CASA FAMILIAR DE ROSALÍA EN PADRÓN, SEDE DA FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO

A chamada Casa da Matanza é un referente da posta en valor da figura e da obra da poeta do Sar. Coa idea de recuperala como epicentro cultural arredor de Rosalía foi mercada en 1946 por un grupo de benfeitores que meses despois crearon a fundación para iniciar as primeiras restauracións. Foi en 1971 cando se puido inaugurar como Casa-Museo. Desde entón, a Casa-Museo foi ampliando as súas dependencias e actividades.

A remodelación actual da Casa da Matanza, na que a Xunta de Galicia investiu 200.000 euros cofinanciados con Fondos Feder, están destinados á eliminación de humidades, con instalación de solo radiante, acondicionamento da carpintería e cambio do sistema eléctrico e de iluminación, así como o de seguridade e prevención de lume. Este acondicionamento permitirá acometer posteriormente a reforma do perfil museístico coa integración de novos servizos tecnolóxicos para o público visitante.

galicia

cultura.xunta.es

